

IMPRESINDÍBEL

Dunha gran persoa recordo a lección máis valiosa á par que deprimente que cheguei a escoitar: "filliño, nesta vida ninguén é imprescindibile". E se o penso polo miúdo así é. Cada día falecen persoas ao redor do globo terráqueo e a vida segue coma se nada.

Mais non é así. Hai persoas, seres de luz, sen os que cómpre aprender a vivir pero permanecerán no recordo sempre vivas. Podemos chamarlles anxos da garda, esa voz interior que nos segue aconsellando, que nos guía e nos protexe. Esa man enrugada que queremos que nunca nos solte, porque foi a que nos aprendeu a camiñar, a tropezar e erguernos, a mirar a vida coma un xogo.

Polo tanto avoa, o único no que erraches, é en dicir que ti non serías imprescindíbel.